



A cidade histórica de Santiago de Compostela foi recoñecida Patrimonio da Humanidade no ano 1985. Para mellorar as condicións de vida dos seus habitantes, o Goberno de España, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago, durante máis de 15 anos de cooperación estable no Consorcio de Santiago, impulsaron diferentes programas de rehabilitación de edificios e vivendas.

O Consorcio de Santiago promove un novo programa de apoio técnico e económico aos cidadáns para labores de mantemento dos edificios da Cidade Histórica. A cultura do mantemento é a clave da conservación do Patrimonio da Humanidade que está ao noso coidado.

porque ter é manter

Consorcio da cidade de Santiago
Pazo de Vaamonde, Rúa do Vilar, 59
981 574 700
manter@teremanter.eu
www.teremanter.eu



**ter é
manter**

Plan de Mantemento das
edificacións da Cidade Histórica
de Santiago de Compostela
www.teremanter.eu

Requisitos do inmoble

Estar dentro do ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica .

Uso principal vivenda .

Antigüidade superior a 5 anos.

Suficiente seguraza estrutural e estanqueidade fronte á chuvia.

Actuacións protexibles

No período de 12 anos subvencionarase:

Labores de mantemento da envolvente exterior do edificio.

(fachadas, cubertas, galerías e resto de carpintarías de madeira)

Mantemento dos elementos comúns interiores.

(escaleiras, varandas e carpintarías)

Plan de mantemento

Para acceder á axuda será necesario:

Plan de Mantemento a 12 anos, axustado á realidade construtiva do edificio.

Ditame favorable do informe sobre o estado de conservación do edificio.

Beneficiarios

Propietarios, arrendatarios, titulares dalgún dereito de uso sobre o inmoble.

Contía das subvencións

50% do custo de execución das obras de mantemento.

50% dos honorarios profesionais.

Orzamento máximo subvencionable

Será o resultado de aplicar os prezos de referencia de mantemento aprobados anualmente polo Consorcio de Santiago á realidade construtiva do edificio. O orzamento subvencionable das obras de mantemento dos elementos comúns interiores non superará o 10% do custo de mantemento da envolvente exterior do edificio .

Exemplo

A realización das obras de mantemento da envolvente exterior dun edificio tipo da cidade histórica de Santiago de Compostela de planta baixa e dúas alturas e 120 metros cadrados por planta, e dos seus elementos comúns interiores, durante os próximos 12 anos, supón un custo mensual de 15 euros para cada un dos 3 propietarios, unha vez descontada a subvención.

Plan de Mantemento

O plan de mantemento identificará e valorará economicamente as actuacións protexibles polo Programa de Axudas do Consorcio de Santiago ao mantemento da envolvente exterior do edificio e dos elementos comúns interiores no período de 12 anos. Estas actuacións son as seguintes:

Elemento	Orientación	Descrición	Periodicidade
Cuberta		Limpeza de material acabado con substitución de pezas rotas. Limpeza de canlóns, desaugadoiros e limas. Revisión de encontros, lucernarios e fiestras.	4 veces en 12 anos*
Fachadas e Medianeiras	Norte-Leste	Revisión e pequenas reparacións por deterioros. debidos ás inclemencias do tempo ou ao uso. Saneamento e acabado das superficies, tamén reixas.	1 vez en 12 anos
		Revisión e pequenas reparacións por deterioros. debidos ás inclemencias do tempo ou ao uso.	1 vez máis nos 12 anos
Galerías e Carpintarías de madeira	Sur-Oeste	Revisión e pequenas reparacións por deterioros. debidos ás inclemencias do tempo ou ao uso. Saneamento e acabado das superficies, tamén reixas.	2 veces en 12 anos
Elementos comúns interiores		Limpeza xeral, e repaso de acabados de escaleiras, varandas e resto de carpinterías de madeira.	1 vez en 12 anos

** Unha ou dúas veces esta actuación coincidirá coa colocación de estadas nas fachadas, dependendo da súa orientación.*

